

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**

RESOLUCIÓN do 19 de xaneiro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2024 en réxime de concorrência competitiva as axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do contract como anticipada de gasto (código de procedemento IN500B).

A disposición adicional sexta da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, autoriza a creación da Axencia Galega da Industria Forestal (en diante, a Axencia) como axencia pública autonómica adscrita á consellería competente en materia de economía, que ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

Nos termos recollidos no artigo 2 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, desde a Axencia preténdese revalorizar a competitividade e a innovación das empresas forestais, con especial incidencia na segunda e seguintes fases de transformación.

A acción 4.1.3 da Axenda de Impulso da Industria Forestal establece un programa de incentivos á mellora da competitividade da industria forestal galega no marco da cal pretende impulsar a innovación tecnolóxica dun dos sectores estratéxicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (en diante, Orde do 11 de febreiro de 1998), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia para o

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



correspondente exercicio. Así mesmo, en cumprimento do artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión das subvencións tramitadas nesta resolución queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da dita orde, todos os actos de trámite ditados no desenvolvemento desta orde se entenden condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 está consignado crédito de acordo co seguinte detalle:

Código proxecto	Aplicacións	Importe
2021 00002	14.A4.741A.770.0	3.550.000,00 €
	14.A4.741A.771.0	60.000,00 €
	14.A4.741A.780.2	390.000,00 €
Total		4.000.000,00 €

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións que hai que desenvolver integrados nos correspondentes programas.



Neste contexto, o primeiro reto da RIS3 consiste en desenvolver un modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación. En relación con este reto, unha prioridade é desenvolver e aplicar diferentes solucións científico-tecnolóxicas e de innovación para avanzar na descarbonización das cadeas de valor, a sostibilidade dos recursos naturais e patrimoniais de Galicia e outra prioridade é orientar os esforzos en I+D+i cara ás necesidades e o benestar das persoas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 2 busca equilibrar a excelencia na investigación e a súa aplicabilidade no mercado.

En consecuencia, a presente convocatoria enmárcase na RIS3 respondendo ao reto 1 (Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación) a través da prioridade 1 (Sostibilidade) e 2 (Dixitalización). Ten como obxectivo estratéxico buscar equilibrar a excelencia na investigación e a súa aplicabilidade no mercado (obxectivo estratéxico 2), integrándose, polo tanto, no programa Innova e Emprende.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Axencia e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas dirixidas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do *contract* (código de procedemento IN500B) e proceder á súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva para o ano 2024.

2. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



CAPÍTULO I**Bases reguladoras das axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do *contract*****Artigo 2. *Persoas beneficiarias***

1. Poderán ser persoas beneficiarias as pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) da industria forestal e do *contract* radicadas en Galicia que utilicen a madeira e os seus derivados, a resina, a cortiza ou outros produtos de orixe forestal (exceptuando os produtos alimentarios) como materia prima para a elaboración dos seus produtos. Para estes efectos, tomarase a definición de peme incluída no anexo I do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014. Segundo esta definición, pemes son aquelas empresas que ocupan a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede os 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede os 43 millóns de euros.

2. Para a liña 3 establecida no artigo 4, tamén poderán ser beneficiarias as asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, que teñan base asociativa e presten os ditos servizos ou sexan representativas ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira que desenvolvan a súa actividade en Galicia. Así mesmo, e exclusivamente no caso de de investimentos vinculados á dixitalización da industria forestal e á rastrexabilidade dos produtos forestais, tamén poderán ser beneficiarias as pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) que presten servizos de transporte de mercadorías por estrada e que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

3. Para a liña 5 establecida no artigo 4, tamén poderán ser beneficiarias as pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) que presten servizos de prevención de riscos laborais, así como as asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, que teñan base asociativa e presten os ditos servizos ou sexan representativas ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira. En calquera caso, deberán desenvolver a súa actividade en Galicia.

4. Para a liña 6 establecida no artigo 4, tamén poderán ser beneficiarias as pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) radicadas en Galicia que implementen ou desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas en madeira.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



5. Para acadar a condición de beneficiarias, as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditar a súa viabilidade económica mediante algunha das seguintes circunstancias:

1º. Dispoñibilidade de crédito bancario para o investimento, dun mínimo do 70 % do importe do mesmo ou comunicación bancaria de estar en disposición de conceder o financiamento.

2º. Certificación bancaria de dispoñibilidade líquida en conta polo importe do investimento.

3º. Vendas por importe superior ao triplo do investimento (na declaración do IVE do último exercicio pechado á data de publicación da convocatoria-Modelo 390 ou Modelo 303 do último mes do ano, segundo proceda).

b) Deberán ter vixente na data de publicación da convocatoria un seguro de responsabilidade civil para as actividades propias da industria forestal e do *contract* ou vinculadas á transformación de produtos de orixe forestal e, no suposto de ser exigible, un contrato de prevención de riscos laborais. As empresas solicitantes deberán declarar na súa solicitude que dispoñen do seguro de responsabilidade civil vixente e, no suposto de ser exigible, do contrato de prevención de riscos laborais.

c) Deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor) e cos datos actualizados, de acordo co artigo 102 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, de conformidade co Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal, ou ben, deberán estar dados de alta nalgún código da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) ou dispor de calquera outro medio válido en dereito que acredite a realización de actividades obxecto de subvención na data de publicación da convocatoria.

6. Non poderán acadar a condición de persoa beneficiaria:

a) Aquelas persoas ou entidades solicitantes nas cales concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



b) Aquelas empresas que entren dentro da categoría de empresas en crise, de acordo coa definición do artigo 2, número 18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

As empresas solicitantes deberán declarar na súa solicitude que non se atopan en situación de crise conforme a normativa comunitaria. A Axencia Galega da Industria Forestal utilizará os medios que considere oportunos para a súa verificación e requiriralle ao solicitante, se for necesario, os documentos oportunos para a verificación do requisito .

c) Aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

d) As empresas que incumpran os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 euros e cando as persoas solicitantes sexan suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

Para verificar o cumprimento deste requisito, as empresas solicitantes deberán achegar na súa solicitude a acreditación do nivel de cumprimento mediante os medios de proba establecidos no artigo 13.3.bis da Lei 38/2003.

Artigo 3. *Proxectos subvencionables*

1. Nos termos desta resolución, serán subvencionables os proxectos de investimento realizados polas persoas beneficiarias descritas no artigo 2 desta resolución nos seus procesos de produción vinculados á transformación da madeira e os seus derivados, resina, cortiza, así como doutros produtos de orixe forestal, exceptuando os alimentarios, e que teñan como obxectivo aumentar a súa produtividade, a diversificación, ou a implantación de técnicas que permitan obter novos produtos ou solucións, produtos valorizados ou procesos que favorezan a minoración do impacto ambiental. Serán igualmente subvencionables os proxectos de investimento realizados polas persoas beneficiarias descritas no artigo 2 desta resolución que teñan como obxectivo a dixitalización e a mellora da seguridade e saúde na contorna laboral das empresas da industria forestal e do *contract*.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



2. As persoas solicitantes poderán presentar como máximo un proxecto ao abeiro desta resolución. Os proxectos poderán incluír actuacións independentes e encadrarse nunha ou varias das liñas estratéxicas establecidas no artigo 4.

Artigo 4. *Investimentos e conceptos de gasto subvencionables*

1. Para os efectos desta resolución, serán subvencionables as seguintes actuacións desagregadas por liñas estratéxicas:

Liña 1. Competitividade e valorización.

Investimentos dirixidos á mellora da competitividade das industrias forestais e á valoración dos seus produtos.

Terán a consideración de conceptos de gasto subvencionables os seguintes:

a) Compra de maquinaria nova vinculada aos procesos de transformación de produtos de orixe forestal non alimentarios, así como para os procesos de secado e doutros tratamentos e acabados da madeira.

b) Obras e instalacións necesarias para a correcta instalación e funcionamento dos investimentos obxecto de subvención.

Liña 2. Mobiliario, *contract* e construción.

Investimentos vinculados á fabricación de mobiliario de madeira e de produtos de madeira para a construción.

Terán a consideración de conceptos de gasto subvencionables os seguintes:

a) Compra de maquinaria nova vinculada ao deseño e fabricación de mobiliario e ao deseño e fabricación de elementos para a construción.

b) Obras e instalacións necesarias para a correcta instalación e funcionamento dos investimentos obxecto de subvención.



Liña 3. Dixitalización.

Investimentos para a dixitalización da industria forestal vinculados aos procesos que utilicen madeira ou os seus derivados e que comprendan polo menos algunha das seguintes actuacións:

a) Implantación de sistemas de dixitalización, xa sexa dalgún proceso concreto (por exemplo, interacción coa Administración pública ou proceso de fabricación) ou de xestión integral (ERP, CRM e similares), especificamente deseñados, desenvoltoos ou adaptados a un proceso concreto vinculado á utilización ou transformación da madeira e os seus derivados.

b) Posta en marcha de sistemas para a xestión do ciclo de vida de produtos feitos en madeira. Solucións tales como PDM, PLM ou DMF que recollan a información do produto desde a concepción deste ata a súa eliminación ou posta á venda, incluíndo o deseño e fabricación.

c) Implantación de sistemas para o control e/ou mellora dos procesos produtivos, por exemplo sistemas de captura de datos, automatización, supervisión remota, sensórica e/ou mantemento preventivo.

d) Dixitalización de procesos que poidan levar asociada a impresión 3D ou fabricación aditiva de produtos feitos con madeira no proceso produtivo da empresa.

e) Despregue de sistemas de planificación, control dos recursos empresariais e/ou loxística, tanto interna como externa.

f) Automatización e/ou sensorización de produtos ou servizos para o seu control e rastrexabilidade.

g) Implementar sistemas de interconexión de elementos físicos e virtuais, procesamento de datos capturados (big data) e ciberseguridade.

h) Desenvolver e poñer en marcha sistemas de analítica avanzada, intelixencia artificial, aprendizaxe automática e/ou toma de decisións autónoma (intelixencia empresarial) en relación coa industria das empresas beneficiarias.

i) Desenvolver ou adoptar unha interface dixital para as interaccións comerciais cos clientes ou provedores da industria forestal-madeira.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



j) Implantar e/ou desenvolver sistemas de integración da cadea de valor, tanto a nivel organizativo en sentido horizontal como a nivel de colaboración en sentido vertical.

Terán a consideración de conceptos de gasto subvencionables os seguintes:

a) Custos de colaboracións externas de carácter tecnolóxico ou organizativo: asistencia técnica, adaptación e parametrización de solucións, consultoría e servizos directamente relacionados coa execución do proxecto (diagnóstico, planificación ou definición e desenvolvemento dos servizos previstos). As colaboracións externas subvencionables non consistirán en actividades permanentes ou periódicas nin estarán relacionadas cos gastos de explotación normal da empresa como son servizos rutineiros de asesoría fiscal, servizos xurídicos ou de publicidade.

b) Custos asociados ás actuacións de formación necesarias para a posta en marcha das ferramentas adquiridas. Será subvencionable como máximo ata o 10 % do orzamento total do proxecto.

c) Custos de adquisición de dispositivos tales como sensores, automatismos e equipos de comunicacións necesarios para o obxecto do proxecto. Soamente serán subvencionables os computadores persoais e servidores, impresoras, terminais, *displays*, tabletas, consolas e similares, que sexan de uso indispensable como interface para captura de datos ou configuración de dispositivos. Será subvencionable como máximo ata o 50 % do orzamento total do proxecto.

d) Gastos derivados do desenvolvemento, implantación e posta en funcionamento do software relacionado co proxecto. Considéranse nesta epígrafe:

- Custos de subscrición a software: admitirase como gasto subvencionable o período de subscrición durante o período de execución do proxecto. No caso de que o sistema de adquisición supere o prazo de execución da axuda, o período restante descontarase do gasto subvencionable *pro rata*.

- Licenzas de software para aplicacións de empresas do sector forestal-madeira que interoperen coas portelas administrativas da Xunta de Galicia e para o uso da solución obxecto das actuacións realizadas, excluindo o software de propósito xeral, por exemplo sistemas operativos, aplicacións de xestión/monitoraxe de redes/sistemas, paquetes de ofimática, correo electrónico, edición e tratamento de imaxes, salvo nos casos en que este tipo de software forme parte inseparable doutros activos que sexan obxecto de subvención dentro do proxecto.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



Liña 4. Certificacións, ensaios e informes.

Investimentos necesarios para a obtención de certificados ambientais, de calidade ou de sostibilidade ambiental, social e económica así como marcas de conformidade de produto ou ensaios de caracterización deles.

Terán a consideración de conceptos de gasto subvencionables os seguintes:

a) Implantación e certificación da cadea de custodia de produtos forestais, de normativas de calidade e de xestión ambiental.

b) Procesos de certificación da integración da variable ambiental no deseño conforme a norma ISO 14006 Xestión ambiental-Directrices para a incorporación do Ecodeseño ou á norma UNE-EN ISO 14020 Etiquetas ecolóxicas e declaracións ambientais.

c) Informes, servizos, bens, equipos, tecnoloxías e obras de acondicionamento necesarios para a obtención de certificados ou selos de calidade e ambientais, marcas de garantía rexistradas, marcas colectivas rexistradas ou implantación do mercado CE de produtos de orixe forestal e condicionados á súa obtención dentro do prazo de xustificación da axuda.

d) Ensaos de caracterización de produto realizados conforme a normativa oficial por un laboratorio acreditado para a realización do ensaio.

Liña 5. Seguridade e saúde na contorna laboral.

Investimentos dirixidos á mellora da seguridade e saúde da industria forestal así como á mellora e adecuación das condicións de seguridade contra incendios dos activos.

Terán a consideración de conceptos de gasto subvencionables os seguintes:

a) Servizos para a implantación e certificación do estándar OHSAS 18001 (xestión da seguridade e saúde no traballo-SST).

b) Creación, mellora e expansión de servizos de prevención mancomunados (SPM).

c) Informes de estado de cada establecemento, no relativo a PCI, tanto desde un enfoque normativo como desde unha óptica de adecuación ao nivel de risco real, realizados por entidades (enxeñarías, consultorías) especializados na materia.



d) Medidas orientadas á minimización do risco de orixe e propagación de incendios. Estas poden ser tanto executivas (sectorización, protección pasiva, etc.) como operativas (protocolos de actuación, traballos en quente, etc.).

Liña 6. Ecoinnovación.

a) Investimentos vinculados ao ecodeseño de produtos ou materias que utilicen a madeira como materia prima, para conseguir desenvolvementos técnicos ou prototipos que melloren a pegada ambiental ao longo do ciclo de vida, respecto a outras alternativas ou modelos anteriores mediante:

- i. O deseño máis eficiente do produto reducindo o uso de materiais.
- ii. A incorporación de materiais con menor impacto ambiental.
- iii. O Aumento da vida útil do produto desde o punto de vista técnico.
- iv. Aplicación de novos tratamentos industriais da madeira libres de substancias contaminantes (como por exemplo, a utilización de vernices con baixo contido de COV ou a utilización de colas alternativas a PVAc).
- v. Optimización do deseño para facilitar o desmonte ao final da vida útil do produto, facilitando a identificación e separación dos distintos materiais que o compoñen.

b) Investimentos para a implantación de solucións de economía circular, encamiñadas a previr o malgasto e recuperar o máximo valor dos materiais nos procesos propios das persoas beneficiarias mediante:

- i. Creación de novos modelos de negocio orientados á servitización dos produtos feitos en madeira ou produtos derivados.
- ii. Optimización do consumo de recursos, a través da aplicación de mellores técnicas de produción ou a redución das etapas do proceso de fabricación dos produtos feitos en madeira.
- iii. Desenvolvemento e implementación de procesos de post-venda, orientados a ofrecer servizos de mantemento, reparación e reposos por un período de tempo prolongado.



iv. Incorporación de procesos de recuperación e revalorización de produtos e subprodutos de madeira (producción de biomasa, compostaxe, novos produtos, etc.).

v. Mellora da eficiencia nos procesos de distribución, a través da redución do volume e peso das embalaxes, uso de transportes máis eficientes ou o uso de envases e embalaxes reutilizables. Quedan excluídas as actuacións referidas a eficiencia enerxética.

c) Investimentos para a introdución de ferramentas para a análise dos aspectos ambientais que permitan á empresa identificar e, nalgúns casos, cuantificar os impactos ambientais asociados ás distintas fases do ciclo de vida en procesos produtivos vinculados coa madeira. As ferramentas previstas poderán incluír as seguintes:

- i. Lista de comprobación (*checklist*).
- ii. Valoración estratéxica ambiental (VEA).
- iii. Input material por unidade de servizo (MIPS).
- iv. Matriz de materiais, enerxía e emisións tóxicas (MET).
- v. Ecoindicadores.
- vi. Análise do ciclo de vida (ACV).

Terán a consideración de conceptos de gasto subvencionables os seguintes:

a) Custos de colaboracións externas de carácter tecnolóxico ou organizativo: asistencia técnica, consultoría, ensaios e servizos directamente relacionados coa execución do proxecto (diagnóstico, planificación ou definición e desenvolvemento dos servizos previstos). As colaboracións externas subvencionables non consistirán en actividades permanentes ou periódicas nin estarán relacionadas cos gastos de explotación normal da empresa como son servizos rutineiros de asesoría fiscal, servizos xurídicos ou de publicidade.

b) Custos asociados ás actuacións de formación necesarias para a posta en marcha das solucións adoptadas. Será subvencionable como máximo ata o 10 % do orzamento total do proxecto.

c) Custos de materiais e subministracións, coa condición de que deriven directamente do desenvolvemento do proxecto. Será subvencionable como máximo ata o 50 % do orzamento total do proxecto.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



d) Custos de subscrición a software. Admitirase como gasto subvencionable o período de subscrición durante a vixencia da axuda. No caso de que o sistema de adquisición supere o prazo de execución da axuda, o período restante descontarase do gasto subvencionable *pro rata*.

e) Custos de adquisición de licenzas de software e/ou propiedade intelectual ou industrial, sempre que sexan de uso específico para o desenvolvemento das tarefas incluídas no proxecto e non de uso xeral.

2. Os investimentos deberán cumprir cos seguintes requisitos:

a) Realizaranse no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Deben executarse dentro do prazo de xustificación recollido na convocatoria.

c) A persoa beneficiaria deberá adquirir en propiedade a maquinaria e os bens de equipamento obxecto de investimento. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser propiedade plena da persoa beneficiaria antes do remate do prazo de xustificación, debendo constar nese momento o pagamento das cantidades aprazadas.

d) Os investimentos tanxibles e/ou intanxibles deberán ser novos.

e) En ningún caso o custo de adquisición dos investimentos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

f) Os investimentos subvencionados deberán manterse durante un período mínimo de cinco anos contados desde a data do último pagamento da axuda.

g) En ningún caso se admitirán pagamentos en metálico.

Artigo 5. *Investimentos non subvencionables*

1. Non serán subvencionables ao abeiro desta resolución:

a) Mobiliario de oficina.

b) Envases e embalaxes, aínda cando sexan reutilizables.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



c) Obras de reparación de edificios, agás as que sexan necesarias para a correcta instalación e funcionamento dos investimentos obxecto de subvención.

d) Equipamentos de calefacción, climatización e ventilación, así como as instalacións que comporten, agás os necesarios para a implantación do marcado CE de produtos de orixe forestal e os vinculados a medidas orientadas á minimización do risco de orixe e/ou propagación de incendios.

e) Investimentos non relacionados directamente coas actividades desenvolvidas pola persoa solicitante nin cos procesos de transformación de produtos de orixe forestal.

f) As taxas por licenzas administrativas.

g) O imposto sobre o valor engadido (IVE) e calquera outro imposto, agás que non sexa recuperable pola persoa beneficiaria.

h) Os gastos financeiros producidos como consecuencia do investimento.

i) Os xuros debedores.

j) Equipamento, maquinaria forestal e maquinaria de primeira transformación para traballos no monte.

2. Ademais, para as liñas 1, 2, 3, 4 e 6 non serán subvencionables:

a) Equipamentos e medios de transporte.

b) A man de obra propia e os materiais de igual procedencia.

c) Os gastos de alugamento de instalacións e equipamentos, nin os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro (*leasing*).

d) Material funxible en xeral.

Artigo 6. *Gastos subvencionables*

1. De acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada e se realicen dentro do prazo establecido na correspondente convocatoria.



2. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro do ano da convocatoria e a data de xustificación recollida nela.

Artigo 7. *Importe das axudas*

1. Os investimentos subvencionaranse cunha axuda do 50 % dos gastos elixibles.

No caso de investimentos da liña 3, esta porcentaxe verase incrementada ata o 70 % cando a actuación obxecto de solicitude consuma un ou varios servizos web publicados pola Consellería do Medio Rural (<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/servizos-web-forestais>) e naqueles proxectos de rastrexabilidade en que se graven as transaccións na plataforma *blockchain* da Xunta de Galicia denominada Fortra (<https://fortra.xunta.gal/>). Nos dous casos, a persoa beneficiaria deberá comprometerse á utilización dos ditos servizos durante un tempo mínimo de tres anos contados desde que se produza o derradeiro pagamento da axuda.

2. A axuda máxima por solicitante limitarase a 60.000 euros de modo xeral e a 200.000 euros no caso de que se subvencionen actuacións encadradas nas liñas estratéxicas 1 ou 2, definidas no artigo 4.

Artigo 8. *Baremación das solicitudes*

1. A puntuación máxima que pode conseguir unha solicitude é de 215 puntos, de acordo cos seguintes criterios en función das características da persoa solicitante:

1º. Por ser ou pertencer a asociacións, organizacións ou fundacións, que teñan base asociativa e sexan representativas ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira e que desenvolvan a súa actividade en Galicia na data de publicación da convocatoria: 20 puntos.

2º. Por cada actividade formativa cunha duración mínima de 20 horas, realizada por persoas traballadoras da entidade solicitante desde o 1.1.2021 ata a data da publicación da convocatoria (máximo 3 actividades): 10 puntos cada actividade ata un máximo de 30 puntos.

Para a valoración das actividades formativas observaranse os seguintes criterios:

a) Deben ter un recoñecemento oficial. Entenderase que contan cun recoñecemento oficial as actividades formativas organizadas, financiadas ou homologadas por unha entidade



ou organismo do sector público e as impartidas por centros e entidades de formación para o emprego inscritas no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego ou, se é o caso, acreditadas. Tamén serán recoñecidas aquelas actividades impartidas por Escolas de Negocio.

b) Computaranse as actividades formativas realizadas tanto polo persoal contratado por conta allea como polo persoal en réxime de autónomos.

c) As persoas traballadoras deberán estar en activo na entidade solicitante na data de realización da actividade formativa.

d) Abordarán algunha das seguintes temáticas:

– Habilidades e coñecementos na xestión de aproveitamentos madeireiros, na xestión de aproveitamentos non madeireiros tales como a resina (quedan excluídos os alimentarios como fungos, froitos, mel, aromatizantes e medicinais), en tratamentos silvícolas e na utilización de maquinaria forestal.

– Habilidades no manexo de maquinaria de primeira transformación, así como do coñecemento dos procesos industriais de serra, seca, clasificación da madeira e tratamentos preventivos e curativos da madeira que contribúan á súa valorización comercial.

– Habilidades no manexo de maquinaria de segunda transformación, control numérico CNC, procesos de acabado, así como no desenvolvemento de proxectos de instalación e amoblamento.

– Incorporación do deseño como ferramenta de innovación e diferenciación nos produtos de madeira ao longo de toda a cadea de valor e, en particular, na carpintaría e no moble.

– Competencias profesionais en materia de construción en madeira.

– Competencias profesionais para a caracterización e clasificación de madeiras locais.

– Seguridade e saúde laboral nos procesos da cadea de valor da industria forestal-madeira que incorpore as novidades tecnolóxicas da industria e que permita a reciclaxe profesional neste ámbito.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



Queda excluída a formación centrada especificamente nos postos de traballo ou funcións de cada traballador, así como a adaptación desta á aparición de novos riscos.

– Competencias para o manexo de software e Tics no ámbito da industria forestal-madeira.

– Habilidades directivas e formación en métodos de xestión, dirección, comercialización e márketing. Inclúense formación en clave de xénero, así como detección e aplicación de protocolos en materia de acoso no entorno laboral.

– Implantación de procesos de certificación forestal (FSC e PEFC), dilixencia debida, así como métodos para monitorizar a orixe e destino da madeira (entre outros, mediante tecnoloxía *blockchain*).

3º. Entidades con mulleres que desempeñen funcións de dirección ou xerencia, na data de publicación da convocatoria: 10 puntos.

Entenderase que desempeñan funcións de dirección as empresarias individuais, as administradoras e as conselleiras. As funcións de xerencia deberán desempeñarse a tempo completo e indefinido.

4º. Entidades que contén, na data de publicación da convocatoria, cun plan de igualdade voluntario segundo o disposto no artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: 10 puntos.

5º. Industrias forestais que contén con instalacións fixas ou que presenten proxectos de instalacións fabrís fixas nas parroquias comprendidas na zona demarcada pola presenza no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et al. (nemátodo do piñeiro) de acordo ás disposicións da autoridade competente en materia de sanidade vexetal, segundo o anexo V onde se relacionan os concellos comprendidos na zona demarcada: 20 puntos.

6º. Por cada certificado de cadea de custodia de produtos forestais do que dispoña a empresa na data de publicación da convocatoria (máximo 2 sistemas de certificación): 10 puntos por cada certificado ata un máximo de 20 puntos.

7º. Empresas que dispoñan de certificado de sistema de xestión da calidade ou sistema de xestión ambiental na data de publicación da convocatoria: 10 puntos.



8º. Empresas que dispoñan de marcado CE para algún dos produtos de orixe forestal que fabriquen, na data de publicación da convocatoria: 30 puntos.

9º. Empresas que dispoñan da marca de garantía «Pino de Galicia» na data de publicación da convocatoria: 10 puntos.

10º. Empresas que garantan a rastrexabilidade dos seus produtos gravando transaccións na plataforma *blockchain* da Xunta de Galicia denominada Fortra (<https://fortra.xunta.gal/>), na data de publicación da convocatoria: 30 puntos.

11º. Empresas que dispoñan de certificado OHSAS 18001 (xestión da seguridade e saúde no traballo-SST) na data de publicación da convocatoria: 10 puntos.

12º. Cando os proxectos obxecto de solicitude se pretendan implantar ou se desenvolvan no termo municipal dos concellos que contén, na data de publicación da convocatoria, coa condición de concellos emprendedores segundo o anexo V ao abeiro do título VI da Ley 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia: 15 puntos.

Artigo 9. *Selección de proxectos*

1. Ordenaranse os proxectos por orde de maior a menor puntuación de acordo co baremo indicado no artigo 8 e aprobaranse as actuacións en función do orzamento asignado a cada unha das liñas estratéxicas na que se encadren. En caso de empate na puntuación de corte e que non haxa orzamento suficiente asignado á liña para conceder a axuda ás actuacións de proxectos coa mesma puntuación, ordenaranse estes segundo a seguinte orde de prioridade e ata esgotar o orzamento:

a) Primeiro. Menor importe de axudas concedidas pola Axencia Galega da Industria Forestal á entidade solicitante nos últimos tres anos contados desde a data de publicación da convocatoria.

b) Segundo. Entidades con mulleres que desempeñen funcións de dirección ou xerencia, na data de publicación da convocatoria.

c) Terceiro. Empresas que contén con instalacións fixas ou presenten proxectos de instalacións fabrís fixas nas parroquias comprendidas na zona demarcada pola presenza no



territorio da Comunidade Autónoma de Galicia do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et al. (nemátodo do piñeiro) de acordo coas disposicións da autoridade competente en materia de sanidade vexetal, segundo o anexo V.

d) Cuarto. Data previa de presentación da solicitude.

Artigo 10. Solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Toda a información sobre este procedemento está dispoñible na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>

3. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa solicitante.

4. No formulario de solicitude (anexo I) inclúense as seguintes declaracións responsables:

1º. Declaración responsable da persoa solicitante de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

2º. Declaración responsable da persoa solicitante de todas as axudas suxeitas ao réxime de *minimis* percibidas nos tres últimos exercicios fiscais.

3º. Declaración responsable de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv2zpz5



4º. Declaración responsable de que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que solicita a axuda.

5º. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

6º. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7º. Declaración responsable de estar ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

8º. Declaración responsable de que a empresa non está en crise, de acordo coa definición do artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

9º. Declaración responsable de que a empresa non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declárase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

10º. Declaración responsable de que a empresa non está inmersa nun proceso de concurso de acredores.

11º. Declaración responsable de que a empresa cumpre coa normativa ambiental vixente.

12º. Declaración responsable de que se desenvolverán en Galicia as actividades do proxecto para o que se solicita a axuda.

13º. Declaración responsable de que ningún dos provedores están asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e que non concorren neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



14º. Declaración responsable de que a empresa conta cun seguro de responsabilidade civil para as actividades propias da industria forestal e do *contract* en vigor na data de publicación da convocatoria.

15º. Declaración responsable de que a empresa conta, no suposto de ser esixible, cun contrato de prevención de riscos laborais en vigor na data de publicación da convocatoria.

Artigo 11. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Anexo III: comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, no caso de muller xerente ou directiva.

b) Anexo IV: memoria do proxecto que se vai realizar e das características da persoa solicitante para as que solicita baremación. Neste sentido, so serán considerados aqueles criterios de baremación debidamente consignados no anexo mediante as seguintes declaracións responsables:

– Declaración responsable de que é ou pertence a unha asociación, organización ou fundación representativa ou relacionada coa cadea de valor da industria forestal-madeira e que desenvolva a súa actividade en Galicia, indicado o nome da dita entidade.

De ser requirido, a entidade solicitante deberá estar en condición de acreditar este criterio mediante estatutos ou certificado de estar asociado e ao día de pagamento de cotas.

– Declaración responsable co número de actividades formativas realizadas por persoas traballadoras da entidade solicitante desde o 1.1.2021 ata a data de publicación da convocatoria que cumpren cos criterios establecidos no artigo 8.1.2º.

De ser requirido, a entidade solicitante deberá estar en disposición de acreditar este criterio mediante informe oficial da Seguridade Social de vida laboral da entidade solicitante; título, diploma acreditativo ou certificado de asistencia con detalle do contido, data de celebración e duración da actividade formativa.

– Declaración responsable de que a entidade solicitante conta cunha muller que desempeñe funcións de dirección ou xerencia, na data de publicación da convocatoria, indicado o nome, apelidos e DNI ou NIE da dita persoa.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



De ser requirido, a entidade solicitante deberá estar en disposición de acreditar este criterio mediante escrituras sociais de constitución ou modificación posteriores ou contrato de traballo non sendo posible acreditar as funcións directivas ou de xerencia mediante a presentación dun poder notarial.

– Declaración responsable de que conta, na data de publicación da convocatoria, cun plan de igualdade voluntario segundo o disposto no artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, indicando a data de solicitude da súa inscrición no Rexcon (Rexistro Administrativo de Acordos e Convenios Colectivos de Galicia).

De ser requirido, a entidade solicitante deberá estar en disposición de acreditar a solicitude de inscrición no Rexcon.

– Declaración responsable de que conta con instalacións fixas ou que presenta un proxecto de instalacións fabrís fixas nas parroquias comprendidas na zona demarcada do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et al. (nemátodo do piñeiro), indicando o concello e nome da parroquia.

– Declaración responsable de que conta con certificado de cadea de custodia (PEFC ou FSC) na data de publicación da convocatoria, indicando o número de certificado.

De ser requirido, a entidade solicitante deberá estar en disposición de presentar copia do certificado vixente emitido pola entidade de certificación forestal.

– Declaración responsable de que conta, na data de publicación da convocatoria, con certificado de sistema de xestión da calidade ou de sistema de xestión ambiental, indicando o nome do sistema e a data de expedición do certificado.

De ser requirido, a entidade solicitante deberá estar en disposición de presentar copia do certificado vixente.

– Declaración responsable de dispoñer, na data de publicación da convocatoria, de marcado CE obrigatorio ou voluntario para algún dos produtos de madeira para a construción que fabrique, indicando documento de avaliación europeo (DEE) ou norma harmonizada e o sistema de avaliación e verificación da constancia de prestacións de aplicación (EVCP).

De ser requirido, a entidade solicitante deberá estar en disposición de presentar certificado de constancia das prestacións do produto, certificado de conformidade do control de

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



produción en fábrica, informe do produto tipo ou xustificación de ter implantado e vixente un sistema de control de produción en fábrica, segundo proceda en función do sistema de avaliación e verificación da constancia de prestacións de aplicación.

– Declaración responsable de que, na data de publicación da convocatoria, é unha empresa cualificada para o uso da marca de garantía «Pino de Galicia», indicando a data de expedición do certificado de cualificación.

De ser requirido, a entidade solicitante deberá estar en disposición de presentar copia do certificado que acredite a disposición da marca de garantía «Pino de Galicia».

– Declaración responsable de que, na data de publicación da convocatoria, emprega a plataforma *blockchain* da Xunta de Galicia denominada Fortra (<https://fortra.xunta.gal/>) gravando as súas transaccións para garantir a rastrexabilidade dos seus produtos.

– Declaración responsable de dispoñer, na data de publicación da convocatoria, de certificado OHSAS 18001 (xestión da seguridade e saúde no traballo-SST), indicando a data de expedición do certificado de cualificación.

De ser requirido, a entidade solicitante deberá estar en disposición de presentar copia do certificado que acredite a disposición do certificado OHSAS 18001.

– A persoa solicitante presenta un proxecto que se desenvolverá no termo municipal dos concellos que contan coa condición de concellos emprendedores ao abeiro do título VI da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, indicando a provincia e nome do concello.

A Axencia Galega da Industria Forestal poderá requirir ás persoas solicitantes documentación xustificativa que avale o declarado. No caso de detectar falsidades o expediente de solicitude non se admitirá a trámite e, ademais, a persoa solicitante non poderá ser beneficiaria de axuda na próxima convocatoria.

c) Memoria asinada pola persoa solicitante ou representante onde se desenvolvan os puntos relacionados no anexo IV da presente resolución.

d) Documentación xustificativa de acreditación da representación da empresa, no caso de que a solicitude non estea asinada por representante legal.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



e) Escrituras sociais de constitución e modificacións posteriores, no caso dunha sociedade, certificación da situación censual, no caso de autónomos e estatutos sociais, no caso de asociacións, organizacións fundacións e entidades sen ánimo de lucro.

f) Documentación acreditativa dos requisitos previos para pequenas e medianas empresas:

i. Declaración da condición de peme da solicitante e das empresas vinculadas ou asociadas con esta, segundo os anexos II.1 Declaración relativa á condición de peme (cando o solicitante é unha persoa física ou unha pluralidade de persoas físicas), II.2 Declaración relativa á condición de peme (para persoas xurídicas) e II.3 Declaración de persoa física partícipe na persoa xurídica.

Deberán estar cubertos todos os datos que sexan procedentes segundo o tipo de solicitante. Os datos económicos e de persoal serán referidos aos do último exercicio económico pechado.

A Axencia Galega da Industria Forestal utilizará os medios que considere oportunos para a verificación da condición de peme e requiriralle ao solicitante, se for necesario, os documentos oportunos.

ii. Documentación xustificativa da viabilidade da empresa mediante algunha das seguintes circunstancias, segundo o indicado no artigo 2:

– Disponibilidade de crédito bancario para o investimento, dun mínimo do 70 % do seu importe ou comunicación bancaria de estar en disposición de conceder o financiamento.

– Certificación bancaria de dispoñibilidade líquida en conta por importe do investimento.

– Vendas por importe superior ao triplo do investimento (na declaración do IVE do último exercicio pechado á data de publicación da convocatoria-Modelo 390 ou Modelo 303 do último mes do ano, segundo proceda).

iii. No caso de que acredite por outra vía distinta ao Resfor a realización de actividades obxecto de subvención na data de publicación da convocatoria:

Documentación acreditativa.

iv. Para subvencións de importe superior a 30.000,00 euros e cando as persoas solicitantes sexan suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004, acreditación

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



do nivel de cumprimento dos prazos de pagamentos previstos na Lei 3/2004 mediante os medios de proba establecidos no artigo 13.3.bis da Lei 38/2003 e de acordo co anexo XVI destas bases.

Non obstante, se a certificación de auditor ou o informe de procedementos acordados non puidera obterse antes da terminación do prazo establecido para a súa presentación, aportarase xustificante de ter solicitado dito medio de acreditación e, unha vez obtido, presentárase de modo inmediato e, en todo caso, antes da resolución de concesión.

g) Documentación relativa aos investimentos:

i. Contratos, orzamentos ou facturas *pro forma* (segundo sexa o caso) dos investimentos previstos de tres provedores distintos de conformidade co disposto no artigo 12 destas bases.

ii. No caso de investimentos en maquinaria fixa e instalacións:

– Para investimentos en maquinaria fixa ou instalacións: plano de planta coa distribución de edificacións, maquinaria e instalacións, onde veñan reflectidos os investimentos que hai que realizar.

– No caso de instalacións que así o requiran: copia da presentación no concello da solicitude de licenza de obra ou comunicación previa segundo proceda.

– Acreditación da presentación no concello da comunicación previa do inicio de actividade ou apertura do establecemento establecida no artigo 24 da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, con toda a documentación requirida, ou licenza de actividade para as solicitudes de licenza tramitadas antes da entrada en vigor da devandita lei.

2. Para que unha solicitude sexa válida debe achegarse a seguinte documentación mínima:

a) Solicitude de axuda (anexo I), debidamente cuberto.

b) Anexo IV, Memoria dos investimentos que se van realizar, debidamente cuberto.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



c) Contratos, orzamentos ou facturas *pro forma* (segundo sexa o caso) dos investimentos previstos de tres provedores distintos, segundo o disposto no punto 1.g). 1º do presente artigo.

As solicitudes que non contén co contido mínimo indicado anteriormente non serán admitidas a trámite.

3. A documentación achegárase en formato .pdf sendo obrigatorio para a súa presentación seguir a estrutura especificada e nomear cada arquivo segundo a nomenclatura establecida no anexo XIV coa instrución respecto á nomenclatura da documentación presentada en fase de solicitude.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

5. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón deste.

7. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

8. Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes recollido na respectiva convocatoria de axudas e ata que recaia a resolución no procedemento, non se admitirán modificacións relativas aos proxectos solicitados nin dos elementos que serán obxecto de baremación, sen prexuízo do dereito de desistencia.

Artigo 12. *Moderación de custos*

1. En todo caso, débese respectar a moderación de custos. Para iso, para todos os gastos incluídos na solicitude de axuda deberase solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación e presentalas coa solicitude de axuda, agás que o gasto non acadase os 40.000 € sen IVE en caso de obras ou 15.000 € sen IVE en caso de subministracións ou prestación de servizos ou se tivese realizado ou iniciado con anterioridade á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As ofertas presentadas para cada gasto deberán estar asinadas dixitalmente, salvo que o gasto se tivese realizado ou iniciado con anterioridade á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, e cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberán proceder de empresas que teñan como obxecto social a fabricación ou subministración dos bens ou servizos incluídos na oferta.

b) Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.

c) Deberán incluír como mínimo o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición



detallada dos conceptos ofertados. Para que a descrición dos conceptos se considere detallada deberá incluír:

i. No caso de obra civil e instalacións: a relación pormenorizada e cuantificada das unidades de obra que inclúe.

ii. No caso de subministración de maquinaria e equipamentos: marca, modelo e características técnicas.

iii. No caso de prestación de servizos: a descrición detallada destes.

3. Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que dará lugar á consideración de gasto non subvencionable.

4. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a dita elección, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. No caso de non ser así, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

5. Excepcionalmente, no caso de conceptos subvencionables que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren, a moderación de custos poderá xustificarse alternativamente mediante informe dun taxador, perito ou dun organismo público autorizado no que se determine xustificadamente o seu valor de mercado.

Artigo 13. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa solicitante e da muller xerente ou directiva.
- c) DNI/NIE da persoa representante.
- d) Imposto de actividades económicas (IAE).

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



e) Certificados de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Facenda da Xunta de Galicia.

f) Consulta de concesións de subvencións e axudas.

g) Consulta de concesións de subvencións e axudas polo réxime *de minimis*.

h) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

i) Consulta do Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor).

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente, se é o caso, e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

2. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

3. No caso de que a persoa solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

Artigo 14. *Tramitación*

1. A tramitación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustarase aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

2. A Dirección da Axencia Galega da Industria Forestal convocará e resolverá as subvencións ditadas ao abeiro das presentes bases reguladoras, e será o órgano encargado da aplicación do réxime sancionador.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



3. A Xerencia da Axencia Galega da Industria Forestal será a encargada da instrución e do seguimento das subvencións, así como da xestión económica-orzamentaria deste programa e do seguimento da súa execución.

Artigo 15. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 16. Instrución do procedemento

1. Na fase de instrución realizaranse de oficio cantas actuacións sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de acordo co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Na fase de instrución verificarase a moderación dos custos propostos seguindo o indicado no artigo 48.2.e) do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

3. Requiriráselles aos solicitantes que, no prazo máximo de dez días hábiles, acheguen a documentación non presentada e no caso de que as solicitudes conteñan defectos ou omisións, os corrixan, conforme se establece no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, neste requirimento indicárase que, se non se fixer, terase por desistido da súa petición, previa notificación nos termos que se recollen no artigo 21 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na cal se indicarán as causas desta.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



Comisión de Avaliación regulada no artigo 17 para a súa avaliación e valoración en réxime de concorrência competitiva, conforme os criterios de adxudicación e valoración previstos nestas bases.

6. O feito de non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 17. *Comisión de Avaliación*

1. A Comisión de Avaliación será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes, conforme o procedemento e os criterios establecidos no artigo 8.

2. A composición da Comisión de Avaliación será a seguinte:

a) Presidencia: persoa titular da Xefatura do Departamento de Xestión Administrativa ou persoa que a substitúa.

b) Unha vogalía nomeada entre os membros da Axencia.

c) Unha vogalía nomeada entre o persoal funcionario da Axencia que desempeñará, ademais, as tarefas de secretaría da Comisión.

3. Os membros da Comisión serán nomeados polo director da Axencia.

4. A Comisión de Avaliación, cando o considere necesario, poderá solicitar asesoramento técnico de persoal especializado da Axencia Galega da Industria Forestal.

5. A Comisión de Avaliación elaborará unha relación ordenada de todos os proxectos solicitados que cumpren coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras, con indicación da puntuación outorgada a cada un deles.

De ser o caso, a Comisión elaborará unha lista de agarda coa relación de proxectos e actuacións aprobadas para os cales non se propón a concesión da subvención por esgotamento do orzamento dispoñible na liña correspondente. O órgano instrutor poderá acordar activar a lista de agarda no suposto de que algunha persoa beneficiaria renuncie á subvención concedida ou decaia no dereito á súa percepción; neste caso o crédito liberado poderá asignarse por orde decrecente de puntuación aos proxectos admitidos que non obtivesen subvención por esgotamento do crédito previsto.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



6. A Comisión de Avaliación emitirá un informe final no que figurarán de forma individualizada e motivada os proxectos para os que se propón a concesión da axuda, coa identificación da persoa beneficiaria e a puntuación obtida no proceso de baremación.

Artigo 18. *Resolución*

1. O órgano instrutor elevará a proposta de resolución e o informe emitido pola Comisión de Avaliación ao director da Axencia Galega da Industria Forestal.

2. Á vista da proposta formulada e segundo o que dispón o artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao non seren tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, o director da Axencia ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación dos proxectos que serán motivadas de acordo cos criterios de valoración establecidos.

3. O prazo límite para ditar resolución expresa e notificala será de tres meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sen prexuízo da obriga legal de resolver pola Administración, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo se, transcorrido o prazo anterior, non se lle notificou resolución expresa.

Artigo 19. *Resolucións do procedemento*

1. Todas as resolucións notificaranse aos interesados nos termos establecidos nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015. A notificación farase exclusivamente a través de medios electrónicos.

2. A resolución de concesión expresará o importe total da axuda que lle corresponde a cada persoa beneficiaria, así como a súa distribución por anualidades que, de forma xeral, corresponderase coa distribución anual do orzamento da convocatoria.

3. A resolución expresará o carácter *de minimis* da axuda concedida de conformidade co establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.



4. Notificada a resolución, e sen prexuízo dos recursos que procedan, se transcorridos dez días hábiles desde a notificación, a persoa interesada non comunica expresamente a súa renuncia á subvención, achegando o anexo VI, Renuncia, entenderase que a acepta tacitamente, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiaria.

No caso de renuncia á subvención por algunha das persoas beneficiarias, o órgano concedente, por proposta do órgano instrutor, poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao proxecto ou proxectos seguintes en orde da súa puntuación a condición de que, coa renuncia por parte dalgunha das beneficiarias, se liberara crédito suficiente na liña correspondente para atender polo menos o conxunto de actuacións dun proxecto aprobadas e denegadas por insuficiencia de crédito.

Salvo causa de forza maior percibida polo órgano concedente, presentar a renuncia total ás axudas fóra do devandito prazo ou non presentar a renuncia nos casos de incumprimento total do proxecto subvencionado, tal como queda definido o incumprimento total no artigo 23.9, suporá que a empresa non poderá solicitar axudas para os proxectos recollidos nesta resolución nas dúas seguintes convocatorias.

5. Contra as resolucións ditadas ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen procedente, poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou en calquera momento contado desde o día seguinte no que se produzan os efectos do silencio administrativo ante o presidente da Axencia segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 20. *Modificación da resolución*

1. As actuacións subvencionadas deberán executarse no tempo e forma que se determine na resolución de concesión.

2. Porén, cando xurdan circunstancias concretas que obedezan a causas sobrevidas que non se puideron prever no momento da solicitude e que alteren as condicións técnicas ou económicas para o desenvolvemento do proxecto subvencionado, estas poderán lugar á modificación da resolución de concesión, previa solicitude de autorización á entidade beneficiaria.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



3. Cando concorran estas circunstancias e a persoa beneficiaria precisara introducir calquera modificación sobre o proxecto de investimento presentado coa solicitude, solicitará autorización da Axencia mediante o modelo normalizado anexo VII xustificando as razóns do cambio e acompañando a oportuna actualización do expediente que contemple as variacións respecto do proxecto orixinal.

4. O prazo para solicitar a modificación do proxecto será ata un (1) mes anterior á finalización do prazo para a xustificación da primeira anualidade.

5. Poderase modificar o proxecto inicialmente aprobado, sempre que os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación cumpran cos criterios de selección aplicados para a concesión das axudas, sen que poida supor discriminación a terceiros.

6. A autorización ou denegación da modificación realizarase mediante resolución da Dirección da Axencia por proposta do órgano instructor, logo de instrución do correspondente expediente de modificación.

7. A modificación do proxecto estará suxeita ás seguintes condicións:

a) As modificacións que incrementen o importe do proxecto subvencionable non suporán un incremento do importe da subvención concedida. Porén, as persoas beneficiarias quedarán obrigadas a xustificar o importe do proxecto modificado.

b) As autorizacións de modificacións que supoñan unha redistribución entre as anualidades de axuda concedidas, estarán supeditadas á existencia crédito orzamentario suficiente.

c) Será admisible a redución do importe total do proxecto considerado como subvencionable na resolución de concesión se non supera o 40% do seu valor.

d) Non se admitirán modificacións que supoñan un cambio de persoa beneficiaria.

e) As modificacións que afecten os gastos incluídos na solicitude de axuda deberán cumprir, se é o caso, cos requisitos do artigo 12 destas bases.

Artigo 21. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 22. Documentación xustificativa que se presentará para o pagamento da axuda

1. Para o pagamento parcial da axuda deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento da axuda (anexo VIII), no que se incluírán as seguintes declaracións responsables:

– Declaración responsable de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

– Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



– Declaración responsable de non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Declaración responsable de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

– Declaración responsable de que a empresa non está en crise, de acordo coa definición do artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

– Declaración responsable de que a empresa non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

– Declaración responsable de que a empresa non está inmersa nun proceso de concurso de acredores.

– Declaración responsable de que esta empresa cumpre coa normativa ambiental vixente.

– Declaración responsable de que a empresa mantén o cumprimento dos requisitos que condicionaron a obtención da axuda e das condicións para obter a puntuación aplicada na concorrência competitiva para a aprobación dos expedientes.

– Declaración responsable de que ningún dos provedores están asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e que non concorren neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

b) Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do investimento subvencionable e documentación acreditativa do pagamento, que deberán cumprir o indicado no anexo XIII Instrución para a presentación dos xustificantes de gasto e de pagamento das actuacións elixibles.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



c) Relación ordenada dos investimentos e os pagamentos efectuados segundo o anexo XI Lista de xustificantes de pagamento.

d) Anexo IX. Declaración responsable da persoa solicitante de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e de todas as axudas suxeitas ao réxime *de minimis* percibidas.

e) Certificado de depósito de aval bancario na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, se procede.

2. Para o pagamento final ou total da axuda deberá presentarse:

a) A documentación recollida no punto 1 deste artigo.

b) Memoria dos investimentos realizados (anexo X), coa explicación, de ser o caso, das diferenzas entre os traballos previstos e os realizados.

c) Memoria asinada pola persoa beneficiaria ou representante, segundo o punto 2 do anexo X desta resolución, detallando as actuacións executadas, os obxectivos alcanzados e a súa importancia na actividade futura da beneficiaria.

d) Certificado de conformidade do proveedor da factura presentada e do pagamento correspondente, asinado dixitalmente, onde figure o importe e a data da factura e do pagamento e o obxecto facturado claramente identificado se faga constar que o investimento, material ou inmaterial, é novo.

No caso de investimentos en maquinaria, o certificado do proveedor deberá incluír ademais a marca, modelo e número de bastidor.

e) Informe fotográfico dos investimentos do proxecto executados que incluírá imaxes desde distintos ángulos e tanto xerais da localización e instalación do investimento como de detalle. No suposto de investimentos que incorporen un número de serie, incluírase no informe a fotografía da correspondente placa identificativa.

f) Informe fotográfico acreditativo do cumprimento das medidas de publicidade e difusión recollidas no artigo 29 desta resolución.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv2zpz5



3. A documentación xustificativa chegarase en formato .pdf sendo obrigatorio para a súa presentación seguir a estrutura especificada e nomear cada arquivo segundo a nomenclatura establecida no anexo XV Instrución respecto á nomenclatura da documentación presentada en fase de xustificación.

Artigo 23. Xustificación e pagamento da subvención

1. A data límite de xustificación dos traballos establecerase na convocatoria anual, e só serán subvencionables os proxectos que se realicen e cuxo gasto (factura) e pagamento (xustificante de pagamento) se xustifiquen dentro do prazo de execución.

2. Para a primeira anualidade, só se admitirán os gastos (factura e xustificante de pagamento) realizados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro do ano da convocatoria e a data límite de xustificación da primeira anualidade, establecido na correspondente convocatoria.

Para a segunda anualidade, admitiranse os gastos (factura e pagamento) realizados despois da data límite de xustificación da primeira anualidade e ata a data límite de xustificación da segunda anualidade.

3. Os gastos subvencionables en que incorrera a beneficiaria deberán ter sido aboados nos prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Os pagamentos non conformes aos prazos previstos na Lei 3/2004 terán a consideración de non subvencionables e suporán unha minoración proporcional da axuda.

4. Os xustificantes de gasto e de pagamento deberán cumprir co indicado no anexo XIII.

5. A Axencia comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade, o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención e das demais obrigas exixidas ás persoas beneficiarias das axudas.

6. Os órganos competentes da Axencia poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do proxecto que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido ao efecto sen que a persoa solicitante os presentase, a Axencia iniciará o correspondente procedemento de incumprimento.

7. Cando se poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza



ou os obxectivos da subvención, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme o artigo 20 destas bases, logo de omitirse o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros. A aceptación das alteracións por parte da Axencia no acto de comprobación non exime á beneficiaria das sancións que poidan corresponderlle conforme a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Transcorrido o prazo establecido da xustificación sen ter presentada a xustificación do proxecto subvencionado requirirase a persoa beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da solicitude no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda, a existencia do reintegro das cantidades percibidas e poderá supor a apertura dun expediente sancionador segundo se establece na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá a persoa beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan.

9. No caso de que a xustificación do proxecto fose por menor importe do aprobado, a axuda a pagar será proporcional ao importe xustificado, sempre que se trate de investimentos susceptibles de avaliación independente e cumpran os fins previstos inicialmente. En todo caso, unha execución inferior ao 60 % do gasto subvencionable do proxecto terá a consideración de incumprimento total, ocasionará a perda de dereito ao cobramento da subvención e seguirá o procedemento sinalado no artigo 25 desta resolución.

Non terá a consideración de incumprimento total a non adecuación ao ritmo do investimento anual establecido na resolución de concesión de axuda sempre que se xustifique realización da actividade e a execución do investimento polo importe aprobado dentro da data límite de xustificación final, se cumprise coa finalidade que determinou a concesión da subvención e non se alterase a súa natureza e obxectivos.

10. Unha vez presentada a solicitude de pagamento, realizarase a inspección comprobatoria de execución dos investimentos subvencionados, de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. Os pagamentos a conta adaptaranse ao establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os ditos pagamentos a conta, cando o importe da primeira anualidade supere os 18.000 eu-

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



ros, serán garantidos mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca.

12. O referido aval deberá ser de duración indefinida, depositarase a disposición da Axencia Galega da Industria Forestal na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia e deberá cubrir o 110 % do importe a percibir na primeira anualidade da subvención. O certificado de depósito do aval presentarse na solicitude de pagamento da primeira anualidade xunto co resto da documentación, nos prazos que se establezan para a xustificación da primeira anualidade da subvención. Unha vez se comprobe, mediante inspección *in situ* se procede, a realización material do obxecto da subvención, así como as restantes condicións da subvención procederase á liberación do aval.

Artigo 24. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. Son obrigas das persoas beneficiarias:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para comprobar a aplicación das axudas á finalidade que determinou a súa concesión, o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e o pagamento da axuda e o mantemento das condicións establecidas nas bases reguladoras, a convocatoria e a resolución de concesión para o cal achegará tanta información sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo ao que fai referencia a disposición adicional primeira desta resolución.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



e) A persoa beneficiaria deberá manter os requisitos que condicionaron a obtención da axuda e as condicións para obter a puntuación en función das características da empresa aplicada na concorrência competitiva para a aprobación dos expedientes ata a data de solicitude do pagamento final da axuda.

f) A persoa beneficiaria deberá manter os investimentos subvencionados durante un período mínimo de cinco anos, contados desde a data do último pagamento da axuda.

g) A persoa beneficiaria de axuda para investimentos da liña 3 con intensidade de axuda do 70 % deberá manter durante un período mínimo de tres anos, contados desde a data do último pagamento da axuda, o uso dos servizos web publicados pola Consellería do Medio Rural (<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/servizos-web-forestais>) e/ou da plataforma *blockchain* da Xunta de Galicia denominada Fortra (<https://fortra.xunta.gal/>), segundo o caso, que motivaron o incremento da intensidade da axuda.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3Galicia ou doutros mecanismos.

2. O incumprimento das condicións establecidas nesta resolución e as indicadas na resolución de concesión de axuda, así como encontrarse nas circunstancias previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ocasionará a perda de dereito á axuda.

Artigo 25. *Perda do dereito ao cobramento e reintegro*

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir cos obxectivos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da axuda, así como os compromisos asumidos durante o tempo de duración da axuda. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento e/ou, de ser o caso, procederá ao reintegro da subvención.

2. Son causas de perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, de reintegro as seguintes:

a) O falseamento, inexactitude ou omisión dos datos subministrados pola persoa beneficiaria que servisen de base para a concesión da axuda ou ocultación daqueles datos que a impedisen.



b) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, tarefas ou condicións do proxecto inicial ou da finalidade para a cal a axuda foi concedida. No suposto de incumprimentos parciais, sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tidos en conta na concesión das axudas, a Axencia deberá resolver sobre o seu alcance.

No caso de condicións referentes á contía ou conceptos do gasto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos subvencionables deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados subvencionables. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 40 % do gasto subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total.

c) O incumprimento da obriga de xustificación, xustificación insuficiente, xustificación fóra do prazo establecido, falsidade, terxiversación ou ocultación nos datos ou documentos que serven de base para xustificar os investimentos subvencionables ou outras obrigacións impostas na resolución de concesión da axuda.

d) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de axudas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) O incumprimento do ditado en calquera dos artigos das bases reguladoras que impliquen unha obriga por parte da persoa beneficiaria.

f) O incumprimento dos prazos de mantemento dos requisitos que condicionaron a obtención da axuda, ou das condicións para obter a puntuación en función das características da empresa aplicada na concorrencia competitiva para a aprobación dos expedientes.

g) O incumprimento da obriga de mantemento dos investimentos subvencionados durante un período mínimo de cinco anos, contados desde a data do último pagamento da axuda, salvo causas xustificadas non imputables á persoa beneficiaria.

h) No caso de persoas beneficiarias de axuda para investimentos da liña 3 con intensidade de axuda do 70 % e salvo causas xustificadas non imputables á persoa beneficiaria, o incum-

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



primeto da obriga de mantemento durante un período mínimo de tres anos, contados desde a data do último pagamento da axuda, o uso dos servizos web publicados pola Consellería do Medio Rural (<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/servizos-web-forestais>) e/ou da plataforma *blockchain* da Xunta de Galicia denominada Fortra (<https://fortra.xunta.gal/>), segundo o caso, que motivaron o incremento da intensidade da axuda.

i) A obtención de financiamento de distintas procedencias ou concorrencia de subvencións por riba do custo das actividades subvencionadas.

j) Calquera das demais causas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobramento da subvención e para facer efectivo, se é o caso, o reintegro das cantidades pagadas será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 26. *Controis*

As persoas beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice a Axencia para o seguimento dos proxectos aprobados e do efectivo cumprimento das obrigas e compromisos da beneficiaria fixados no artigo 24, e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 27. *Infraccións e sancións*

Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 28. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 29. Medidas informativas e publicitarias

1. As persoas beneficiarias deberán comunicar o carácter de financiamento público do proxecto nos termos recollidos no anexo XII Medidas informativas e publicitarias.

2. A estes efectos, o modelo de panel ou placa pode descargarse na sección Axudas da web da Axencia Galega da Industria Forestal (<http://www.xera.gal/>).

3. Nas publicacións nas redes sociais que fagan referencia ao proxecto obxecto de axuda, empregarase o cancelo #XERAvalor e utilizarase a ferramenta @ para enlazar correctamente co perfil da Axencia:

LinkedIn: XERA – Axencia da Industria Forestal:

www.linkedin.com/company/xera-axencia-da-industria-forestal

Facebook: XERA-Axencia da Industria Forestal:

www.facebook.com/xeraindustriaforestal

Instagram: <https://www.instagram.com/xera.xunta/>

4. No caso de que na realización dun control a posteriori, que se efectuará nos cinco anos posteriores ao pagamento final da axuda concedida, se verifique o incumprimento do establecido no punto 1 deste artigo, procederase á solicitude de reintegro da axuda concedida.

5. As solicitudes de axuda suporán unha autorización expresa para que os datos de carácter persoal achegados coas mesmas poidan ser utilizados pola Axencia Galega da Industria Forestal nas súas campañas de promoción e divulgación das súas actividades, salvo oposición expresa do solicitante, que o deberá indicar na epígrafe correspondente da súa solicitude.



CAPÍTULO II**Convocatoria de axudas para o ano 2024****Artigo 30. Convocatoria**

Convócanse para o ano 2024 en réxime de concorrência competitiva as axudas reguladas por esta resolución. As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as establecidas con carácter xeral nos artigos anteriores.

Artigo 31. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución.

Artigo 32. Prazo de xustificación

1. O prazo de xustificación será para a anualidade de 2024, ata o 15 de outubro de 2024 inclusive, e para a anualidade do 2025 ata o 15 de abril de 2025. Así mesmo, previa solicitude motivada da persoa beneficiaria e sempre que sexa autorizado polo órgano que ditou a resolución de concesión terase en conta que as cantidades non xustificadas polas beneficiarias na anualidade do 2024 poderanse computar e xustificar na anualidade 2025, sempre e cando non fosen susceptibles de perda de dereito ao seu cobramento, e o solicitasen.

2. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas poderase conceder unha ampliación do prazo de xustificación e de execución establecido, que non exceda a metade del, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como máximo, un (1) mes antes de que acabe o prazo de xustificación. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación.

Artigo 33. Financiamento

1. A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (en diante, Orde do 11 de febreiro de 1998), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables



ao exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian a imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de lei de orzamentos aprobado polo Consello da Xunta de Galicia para o correspondente exercicio. Así mesmo, en cumprimento do artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión das subvencións tramitadas nesta resolución queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

2. De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Asemade, segundo o establecido no artigo 5 da dita orde, todos os actos de trámite ditados no desenvolvemento desta orde se entenden condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

3. As axudas financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

Código proxecto	Aplicacións	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Total
2021 00002	14.A4.741A.770.0	625.000,00 €	2.925.000,00 €	3.550.000,00 €
	14.A4.741A.771.0	60.000,00 €	0,00 €	60.000,00 €
	14.A4.741A.780.2	70.000,00 €	320.000,00 €	390.000,00 €
Total		755.000,00 €	3.245.000,00 €	4.000.000,00 €

4. A aplicación orzamentaria 14.A4.741A.771.0 financiará a liña 3 cunha vixencia para o ano 2024.

5. Este orzamento poderá verse incrementado con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

6. A Axencia poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta resolución, cando o incremento derive de:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.



b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

Artigo 34. *Distribución do crédito*

1. Resérvanse as seguintes porcentaxes da dispoñibilidade orzamentaria indicada no artigo 33.3, segundo as diferentes liñas sinaladas no artigo 4:

a) Liña 1: 30 %.

b) Liña 2: 30 %.

c) Liña 3: 2 %.

d) Liña 4: 18 %.

e) Liña 5: 10 %.

f) Liña 6: 10 %.

2. No caso de que, unha vez priorizados os expedientes solicitados, non se consuma a totalidade do importe establecido polas distintas porcentaxes de cada tipo de liña de axuda na distribución do crédito detallado no punto 1, os importes sobrantes das distintas liñas pasarán ás demais para facer fronte aos expedientes solicitados.

Disposición adicional primeira. *Compatibilidade das axudas*

1. O procedemento de concesión destas subvencións quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 24.12.2013, L352/1). De acordo co artigo 3.2 de dito regulamento, o importe total das axudas *de minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.



2. As subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras serán compatibles con outras axudas ou subvencións destinados aos mesmos investimentos, tanto de orixe público como privado, sempre que a intensidade máxima das axudas obtidas con fondos públicos non exceda o 100 % dos custos subvencionables.

Disposición adicional segunda. *Outras regulamentacións*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Disposición adicional terceira. *Base de datos nacional de subvencións (BDNS)*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Disposición derradeira primeira

Facúltase á Axencia para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta resolución.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución terá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2024

Jacobo José Aboal Viñas
Director da Axencia Galega da Industria Forestal

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv2zpz5



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO

AXUDAS DIRIXIDAS Á VALORIZACIÓN, SEGUNDA TRANSFORMACIÓN E ECOINNOVACIÓN DOS
PRODUTOS FORESTAIS E Á DIXITALIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE E SAÚDE NA
CONTORNA LABORAL DA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA E DO CONTRACT

CÓDIGO DE PROCEDEMENTO

IN500B

DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

PARROQUIA

LUGAR

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO 1

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTALANEXO I
(continuación)

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO (artigo 4)

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

LIÑA ESTRATÉGICA	CONTÁDOS INVESTIMENTOS (€ sen IVE)	% DE AXUDA	AXUDA SOLICITADA (€)
1. Competitividade e valorización		50 %	
2. Mobiliario, contract e construción		50 %	
3. Dixitalización		☐ 50 % ☐ 70 % ¹	
4. Certificacións, ensaios e informes		50 %	
5. Seguridade e saúde na contorna laboral		50 %	
6. Ecoinnovación		50 %	
Total			

(1) A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE (obrigatorio cubrir si se selecciona a opción 70 %)

SOLICITA o incremento da intensidade da axuda ata o 70 % e DECLARA que as actuacións obxecto de solicitude

- ☐ consumirán un ou varios servizos web publicados pola Consellería do Medio Rural. (<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/servizos-web-forestais>)
- ☐ están vinculadas a un proxecto de rastrexabilidade no que se gravarán as transaccións na plataforma blockchain da Xunta de Galicia denominada Fortra (<https://fortra.xunta.gal/>).

E COMPROMÉTESE á utilización dos ditos servizos durante un tempo mínimo de 3 (tres) anos computados desde que se produza o derradeiro pagamento da axuda.



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTALANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	CONCEDIDA ☐ Si ☐ Non	IMPORTE (€)



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTALANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)

2. Que en relación coas axudas recibidas ao abeiro do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*:

- ☐ NON se recibiu ningunha axuda suxeita ao réxime *de minimis* nos últimos tres exercicios fiscais
- ☐ Si se solicitou e/ou concederon outras axudas suxeitas ao réxime *de minimis* nos tres últimos exercicios fiscais, que son as que a seguir se relacionan:

OBJECTO INVESTIMENTO	IMPORTE INVESTIMENTO	CONCEDIDA	IMPORTE SUBVENCIÓN	LIÑA AXUDAS	ORGANISMO XESTOR
		☐ Si ☐ Non			

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal solicita a axuda.
5. Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
6. Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
8. Que esta empresa non está en crise de acordo coa definición do artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
9. Que a dita empresa non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
10. Que a empresa non está inmersa nun concurso de acredores.
11. Que esta empresa cumpre coa normativa ambiental vixente.
12. Que desenvolverá en Galicia as actividades que ten asignadas no plan de traballo do proxecto para o cal se solicita a axuda.
13. Que a persoa solicitante coñece que os provedores non están asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e que non concorren neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
14. Declaración responsable de que a empresa conta cun seguro de responsabilidade civil para as actividades propias da industria forestal e do contract, en vigor na data de publicación da convocatoria.
15. Declaración responsable de que a empresa conta, no suposto de ser esixible, cun contrato de prevención de riscos laborais en vigor na data de publicación da convocatoria.



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTALANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐	Anexo III - Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, no caso de muller xerente ou directiva.			
☐	Anexo IV - Memoria do proxecto que se vai realizar e das características da persoa solicitante para as que solicita baremación.			
☐	Memoria asinada pola persoa solicitante ou representante onde se desenvolvan os puntos relacionados no anexo IV.			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐	Documentación xustificativa de acreditación da representación da empresa, no caso de que a solicitude non estea asinada por representante legal.			
☐	Escrituras sociais de constitución e modificacións posteriores, no caso de sociedades.			
☐	Certificación da situación censal, no caso de autónomos.			
☐	Estatutos sociais, no caso de asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro.			
Documentación acreditativa dos requisitos previos para pequenas e medianas empresas:				
Declaración da condición de peme, segundo os anexos II.1, II.2 e II.3				
☐	Anexo II.1 - Declaración relativa á condición de peme (persoas físicas ou pluralidade de persoas físicas).			
☐	Anexo II.2 - Declaración relativa á condición de peme (persoas xurídicas).			
☐	Anexo II.3 - Declaración de persoa física participe na persoa xurídica.			
Documentación xustificativa da viabilidade da empresa (artigo 2):				
☐	Dispoñibilidade de crédito bancario para o investimento, dun mínimo do 70 % do seu importe ou comunicación bancaria de estar en disposición de conceder financiamento.			
☐	Certificación bancaria de dispoñibilidade líquida en conta por importe do investimento.			
☐	Vendas por importe superior ao triplo do investimento (na declaración do IVE do último exercicio pechado á data de publicación da convocatoria-Modelo 390 ou Modelo 303 do último mes do ano, segundo proceda).			
No caso de que acredite por outra vía distinta ao RESFOR a realización de actividades obxecto de subvención na data de publicación da convocatoria:				
☐	Documentación acreditativa.			
Para subvencións de importe superior a 30.000,00 € e cando as persoas solicitantes sexan suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 3/2004:				
☐	Acreditación do nivel de cumprimento dos prazos de pagamentos previstos na Lei 3/2004 mediante os medios de proba establecidos no artigo 13.3.bis da Lei 38/2003 e de acordo co anexo XVI das bases reguladoras.			
☐	Xustificante de ter solicitado dito medio de acreditación, se a certificación de auditor ou o informe de procedementos acordados no puidera obterse antes da terminación do prazo establecido para a súa presentación.			
Documentación relativa aos investimentos:				
☐	Contratos, orzamentos ou facturas <i>pro forma</i> (segundo sexa o caso) dos investimentos previstos de tres provedores distintos de conformidade co disposto no artigo 12.			
Para o caso de investimentos en maquinaria fixa ou instalacións:				
☐	Para os investimentos en maquinaria fixa ou instalacións: plano de planta coa distribución de edificacións, maquinaria e instalacións, onde veñan reflectidos os investimentos a realizar.			
☐	No caso de instalacións que así o requiran: copia da presentación no concello da solicitude de licenza de obra ou comunicación previa, segundo proceda.			
☐	Acreditación da presentación no concello da comunicación previa do inicio da actividade ou apertura do establecemento establecida no artigo 24 da Lei 9/2013, con toda a documentación requirida, ou licenza de actividade para as solicitudes de licenza tramitadas antes da entrada en vigor da devandita lei.			

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTALANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificación da Seguridade Social de estar ao día nas obrigas tributarias	☐
Certificación da Consellería de Facenda de estar ao día nas obrigas tributarias	☐
Consulta de concesións de subvencións e axudas	☐
Consulta de concesións de subvencións e axudas polo réxime <i>de minimis</i>	☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Consulta do Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor)	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Imposto de actividades económicas (IAE)	☐ Si ☐ Non
Certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día nas obrigas tributarias	☐ Si ☐ Non

AUTORIZACIÓN PARA O USO DE DATOS PERSOAIS EN CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN

Autorización para que os datos de carácter persoal poidan ser utilizados pola Axencia Galega da Industria Forestal nas súas campañas de promoción e divulgación da súas actividades

☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Industria Forestal.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Resolución do 19 de xaneiro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2024 en réxime de concorrència competitiva as axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do contract como anticipada de gasto (código de procedemento IN500B).





AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

ANEXO I
(continuación)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Axencia Galega da Industria Forestal

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

ANEXO II.1

DECLARACIÓN RELATIVA Á CONDICIÓ DE PEME

(Só cando o solicitante é unha persoa física ou unha pluralidade de persoas físicas)

DATOS DA PERSOA DECLARANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA que todos os datos contidos nesta declaración son certos.

DATOS PARA DETERMINAR O TAMAÑO DA EMPRESA (calcularanse segundo o indicado na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas).

Período de referencia (todos os datos deberán corresponder ao último exercicio contable pechado e calcularanse con carácter anual)

EXERCICIO

Número de persoas traballadoras (incluído, se é o caso, o propietario, administrador ou familiares que traballen na empresa e legalmente incluídos no réxime de autónomos). (1)

Volume de negocios (€) (impostos excluídos)

Balance xeral, Activo total (€)

(1) Os efectivos corresponden ao número de unidades de traballo anual (UTA), é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa en cuestión ou por conta da devandita empresa a tempo completo durante todo o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.

1. Participa noutras empresas en contía igual ou superior ao 25 % do seu capital ou dereitos de voto

☐ NON☐ SI (neste caso, cúbranse datos das empresas en que participa e preséntese o anexo II.2 cos datos de cada unha das empresas relacionadas)

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA

NIF

% DE PARTICIPACIÓN

2. No último exercicio económico pechado hai un cambio de datos con respecto ao exercicio contable anterior que podería carrexar que a empresa solicitante cambiase de categoría (de peme a non peme ou viceversa)

☐ NON☐ SI (neste caso, deberá achegar o anexo II.1 cos datos do exercicio anterior)

SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Axencia Galega da Industria Forestal

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

ANEXO II.2

DECLARACIÓN RELATIVA Á CONDICIÓ DE PEME
(para persoas xurídicas)

DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA que todos os datos contidos nesta declaración son certos.

DATOS PARA DETERMINAR O TAMAÑO DA EMPRESA (calcularanse segundo o indicado na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas).

Período de referencia (todos os datos deberán corresponder ao último exercicio contable pechado e calcularanse con carácter anual)

EXERCICIO

Número de traballadores (incluído, se é o caso, o propietario, administrador ou familiares que traballen na empresa e legalmente incluídos no réxime de autónomos). ⁽¹⁾

Volume de negocios (€) (impostos excluídos)

Balance xeral. Activo total (€)

(1) Os efectivos corresponden ao número de unidades de traballo anual (UTA), é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa en cuestión ou por conta da dita empresa a tempo completo durante todo o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.

1. Persoas integrantes do órgano de administración da sociedade:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	CARGO OU REPRESENTACIÓN

2. A empresa está participada por sociedades nunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % do seu capital ou dereitos de voto:

☐ NON☐ SI (neste caso, cubrir datos das sociedades)

RAZÓN SOCIAL DA SOCIEDADE	NIF	% DE PARTICIPACIÓN

3. A empresa está participada por persoas físicas, individualmente ou de común acordo con outras persoas físicas nunha porcentaxe superior ao 50 % do seu capital ou dereitos de voto:

☐ NON☐ SI (neste caso, cubrir datos das persoas físicas)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	% DE PARTICIPACIÓN

CVE-DOG: rz3yx2f5-8so2-uha8-qtu0-t2jz2qv22zp5

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTALANEXO II.2
(continuación)

DATOS PARA DETERMINAR O TAMAÑO DA EMPRESA (continuación)

4. A empresa participa noutras sociedades nunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % do seu capital ou dereitos de voto:

☐ NON☐ SI (neste caso, cubrir datos das sociedades)

RAZÓN SOCIAL DA SOCIEDADE	NIF	% DE PARTICIPACIÓN

5. No último exercicio económico pechado hai un cambio de datos con respecto ao exercicio contable anterior que podería carrexar que a empresa solicitante cambiase de categoría (de peme a non peme ou viceversa)

☐ NON☐ SI (neste caso, deberá achegar o anexo II.2 cos datos do exercicio anterior)

No caso de relacionar sociedades nos puntos 2 ou 4, deberá cubrir e presentar o anexo II.2 para cada unha delas.
No caso de relacionar persoas físicas no punto 3, deberá cubrir e presentar o anexo II.3 para cada unha delas.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Axencia Galega da Industria Forestal

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

ANEXO II.3

DECLARACIÓN DE PERSOA FÍSICA PARTICIPE NA PERSOA XURÍDICA
(só para as persoas relacionadas no punto 3 do anexo III.2)

DATOS DA PERSOA PARTICIPE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

Como participe na sociedade

RAZÓN SOCIAL	NIF

A PERSOA PARTICIPE DECLARA que na data de peche do último exercicio económico pechado (indicar ano):

1. Posúe individualmente ou de común acordo con outras persoas máis dun 50 % en capital ou dereitos de voto noutra sociedade que opere no mesmo mercado ou nun mercado contiguo á dita sociedade.

☐ NON☐ SI (neste caso, indíquese datos das sociedades e cúbrase e preséntese o anexo II.2 para cada unha delas)

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA SOCIEDADE	NIF	% DE PARTICIPACIÓN

2. No último exercicio económico pechado hai un cambio de datos con respecto ao exercicio contable anterior que podería carrexar que a empresa solicitante cambiase de categoría (de peme a non peme ou viceversa)

☐ NON☐ SI (neste caso, deberá achegar o anexo II.3 cos datos do exercicio anterior)

SINATURA DA PERSOA PARTICIPE

Lugar e data

 , de de 

AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

ANEXO III

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS

IN500B- AXUDAS DIRIXIDAS Á VALORIZACIÓN, SEGUNDA TRANSFORMACIÓN E ECOINNOVACIÓN DOS PRODUTOS FORESTAIS E Á DIXITALIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE E SAÚDE NA CONTORNA LABORAL DA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA E DO CONTRACT

DATOS DA MULLER XERENTE OU DIRECTIVA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da muller xerente ou directiva	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Industria Forestal.
